

RENACEMENTO - CINQUECENTO

EDIFICIO: IL GESÙ


AUTOR: **GIACOMO DELLA PORTA** (Fachada) e **JACOPO VIGNOLA** (Edificio)

CRONOLOXÍA: 1568-1575

ESTILO: Renacemento (Cinquecento)

LOCALIZACIÓN: Roma

MATERIAL: pedra, ladrillo, madeira, estuco, mármore



DESCRICIÓN FORMAL

O interior

San Francisco de Borja solicitou a Vignola unha igrexa que se adaptase aos propósitos da Orde, especialmente un amplo salón que sen obstáculos columnarios permitise a visión absoluta do altar, e que este recibise a maior claridade para o lucimento das cerimonia litúrxicas e a visibilidade do púlpito para a predicación dos exercicios espirituais. Tamén os requisitos fundamentais foron que a igrexa fose de nave única, cun púlpito lateral para facilitar a predicación e cun altar central para a celebración da eucaristía.

O edificio tiña que albergar o sepulcro do fundador da orde dos Xesuítas, San Ignacio de Loyola, e converteuse no modelo de igrexa barroca europea porque respondeu aos criterios da Contrarreforma. O Concilio de Trento establecera unha serie de premisas para a arquitectura sacra que Vignola respectou.

A igrexa inspírase en San Andrés de Mantua de Alberti. Ten planta de cruz latina dunha nave con transepto que non sobresaia cunha ampla nave central –de xeito que o conxunto asemella unha planta basilical–, o que proporciona un espazo amplo, sen obstáculos visuais, capaz de congrega a moita xente, cun púlpito para a predicación e conversión, e cuberta por bóveda de canón que se contrarresta con contrafortes exteriores. Esta nave está flanqueada por capelas laterais entre os contrafortes con altares e imaxes de santos cuxo culto promocionou a Contrarreforma como intercesores dado que os protestantes non veneraban nin á Virxe nin aos Santos. Nestas capelas reina a penumbra para o recollemento, a devoción ou os confesionarios que debían estar situados en zonas en penumbra.

Posúe unha cúpula sobre pechinas, sobre o cruceiro cun ábside-presbiterio circular, semellante ao dunha basílica paleocristiá. Esta sinxela e enxeñosa maneira de concebir o espazo, combinaba os rasgos principais das igrexas medievais (de forma rectangular que destaca o altar maior) e as aportacións arquitectónicas renacentistas (interiores grandes e espaciaos cheos de luz). A cúpula convértese no elemento distribuidor da luz, en contraste coa iluminación moderada da nave e a penumbra das capelas laterais. Por vez primeira aparece a luz como a organizadora dun espazo interior, elemento que será moi importante na arquitectura barroca.

Unha das grandes novidades é que a visión do espazo varía segundo a posición dos fieis, sentido no que anticipa o Barroco como a visión do espazo cambiante, a gradación da luz abundante na cúpula, suave na nave e penumbra nas capelas laterais.

A fachada

A fachada de della Porta converteuse tamén en modelo durante case catro séculos das igrexas xesuíticas europeas. Inspirándose en Santa María Novella de Alberti, ten un corpo baixo de forma rectangular que corresponde á anchura da nave central e as capelas laterais, con pilastras dobres de orde corintia que a dividen en cinco rúas: na central atópase a porta con frontón curvo e nos dous laterais pequenas portas con frontón triangular e fornecelas con santos con frontón curvo. Coroa este corpo un gran frontón curvo que engloba outro triangular, aspecto que rompe co clasicismo, empregando elementos clásicos á súa maneira.

O corpo superior máis pequeno correspóndese coa anchura da nave central, repite en parte o esquema anterior: dobres pilastras de orde xónica e tres rúas con xanelas con frontón triangular. Aínda que segue os cánones establecidos por Alberti (corpo baixo cunha orde de pilastras e corpo superior rematado en frontón) resolve o problema de superar no exterior as dimensións desiguais da súa nave central alta, e as capelas baixas, a partir do emprego de dúas volutas laterais –inexistentes na arquitectura clásica, recordan a Santa María Novella- que se converten nunha solución máis estrutural que decorativa, pois ensancha o segundo corpo para que combine co primeiro. Esta fachada amosa o grande interese do arquitecto polo efecto de conxunto, de xeito que todo está enxergado nun amplo e complexo esquema.

COMENTARIO

Situada no monte Capitolio de Roma, elévase sobre unha plataforma, feito que parece indicar a separación dun espazo relixioso do terreal. Este edificio é a igrexa de referencia dos xesuítas e o seu modelo será moi repetido, sobre todo a súa fachada realizada por Giacomo della Porta é considerada por moitos como precedente do Barroco. Ao mesmo tempo, Vignola é considerado arquitecto do manierismo ao empregar elementos clásicos dun xeito moi particular que nos achega ao Barroco.

Sitúase a construción na Contrarreforma, iniciada tras o Concilio de Trento, onde a Igrexa impón unhas normas sobre como deben ser as igrexas e as imaxes. Trátase de combater aos protestantes e atraerse aos fieis. Nesta especie de combate é moi importante a Compañía de Xesús, fundada por Ignacio de Loyola e con obediencia absoluta ao Papa. O aspecto de combate é patente no seu nome e o título que recibe o seu superior: Xeneral Superior da Compañía. Por este motivo, o modelo de Igrexa incide na importancia de espazos amplos, na importancia teatral do púlpito para a predicación, na importancia das capelas laterais para culto dos santos e tamén para a localización dos confesionarios onde reina a escuridade.